

FABRICA DE MADERAS  
CONSTRUCCION DE BUQUES DE MADERA  
DE TODAS CLASES  
**DOLORES CENTENO**  
VIUDA DE FEDIN  
PUENTECESO - TELLERA  
1944-45

28 de Mayo 1941.

Sra. Pina Antonia Viqueza  
Vizcaro.

Muy querida amiga: deseo que se encuentren bien, aquí todos seguimos buenas gracias a Dios.

Me hijo Juan me dió la siguiente nota:

Alquitran	143 Kg. a 3 pts.	=	429
hierro	100 Kg. a 2 "	=	200
aceite	11 Kg. a 6 "	=	66
Sall	12 Kg. a 5 "	=	60
madera sobrante nudosa y algo negra			745
			<hr/>
			total 1.500 pt.

Mil quinientas pesetas.

El bastelero queda en ésta a la venta. Las 1.500 pts. se las giré el 20 del corriente por giro ~~por~~ telegráfico. El Sr. Mar celino no quiso recibirlos. No sabe Ud. la alegría que tuvo el día que le nació el barco. Yo estaba mirando desde la ventanar. Me imagino la alegría de Ud. y les deseo mucha suerte. Los barcos son prendas muy queridas. Yo estoy algo disgustada con el mío, porque el patrón salio de Santona con mare baja y le hizo averías de consideración. Ahora lo tengo en ésta y lo voy arreglar.

Saludos cariñosos a sus hijas y Ud. reciba un fuerte abrazo de su abiga.

Dolores Centeno



# UN TESTEMUÑO SOBRE AS MULLERES ARMADORAS NO MAR GALEGO

X.L.T.

A presente carta é unha magnífica mistura de correo comercial, coa profesionalidade que lle acae, e de sensibilidade. Foi escrita por unha muller para outra muller, ambas armadoras. Isto pode parecer algo estraño, pero na beiramar galega non o era tanto.

Dolores Centeno Soto (1872-1950), a autora da carta, non só era armadora, senón que estaba tamén á fronte dun estaleiro na Telleira (Canduas, Cabana de Bergantiños), na Ría de Corme e Laxe. O tal estaleiro fora creado pola familia do seu marido, Julián Tedín (1872-1938); ela colleu o relevo logo da morte do seu home, aínda que parece que antes desa circunstancia Dolores xa se convertera na verdadeira "alma" dun taller que logo herdaría o seu fillo Juan.

O "taller de Tedín", como era coñecido, non foi o primeiro nin o único na zona. Existe unha tradición constructiva de máis de 150 anos que chega aos nosos días, aínda que desgrazadamente o de Tedín é un estaleiro que xa non existe e do que quedan poucos restos, xa que nos seus terreos construíuse recentemente unha "senda marítima".



O buque "San Luis"

Tamén hai unha tradición de armadores de cabotaxe na zona. Dise que nos seus mellores tempos, Corme tiña máis de sesenta barcos de transporte e xa nos primeiros anos do século XIX hai constancia de armadores en Laxe con quechamaríns.



Dolores Centeno fai alusión no texto a un accidente dun barco seu en Santoña. Os barcos de Corme e Laxe facían a ruta do Sur ata Almería, Torre Vieja, Valencia ou Barcelona, e polo Norte chegaban ata Guipúscoa, parando moito nos portos cántabros ou en Gijón. Eran tan numerosos que, segundo Cunqueiro, os asturianos chamaban "cormeños" a todos os barcos que viñan de Galicia.

A figura de Dolores Centeno, xunto coa de outras mulleres relacionadas co transporte marítimo e coa cabotaxe, como Teonila Pérez Fernández ou Carmen Pérez García, de Noia, ou a propia destinataria da carta que se reproduce, Antonia Vázquez, de Viveiro, está a esperar por un estudo profundo. Se pouco é o que se publica sobre o transporte marítimo, menos aínda sobre as mulleres que participaron nel dalgunha forma.